

Falamus!

Voceiro do Equipo de Normalización e Dinamización
Lingüística do Conservatorio Profesional de Música
Xan Viaño de Ferrol

Nº 5
Xuño 2013

Certame
Nacional de Interpretación
Intercentros *melómano*
2013

Dez
grandes motivos
para estudar

tuba!

O *Carnaval*
dos animais no
Xan Viaño

Gala
Lírica en
Compostela

Obradoiro
de *hip-hop*

V Concurso de piano xuvenil
Gregorio Baudot en Ferrol



Editorial

Outro editorial significa outro curso, outra revista, e tamén outro momento.

Estes días rematou o curso outra promoción mais de alumnos de 6º de GP, brillantes estudantes tod@s eles que intentarán acceder aos estudos superiores para abrirse camiño neste complicado mundo da música.

Dende aquí quero antes que nada felicitalos a todos e todas xa que despois de “dez anos” no grao elemental e profesional poden por fin acceder ao grao superior.

Espero que alá onde sigan estudando teñan un recordo entrañable deste conservatorio.

Cada curso empezan grao elemental unha media de 70 alumnos e chegan ao final (6 GP) outra media de 14. Os datos son demoledores e dános unha idea do tremendo esforzo que teñen que pasar ao longo destes anos, as veces a costa da propia saúde.

A nosa preocupación a parte de proporcionar unha formación de calidade penso que é facilitar a compatibilidade dos horarios as veces escandalosos, xornadas de 12 horas ou mais, que seguro que ningún sindicato defendería.

Dende as direccións dos centros procuramos informar das opcións de bacharelato, materias optativas, centros onde continuar estudando, pero as veces atopámonos tamén coa incompreensión de ideas, comportamentos, etc que non son nada motivadores. No centro onde estuden estes alumnos deben ter claro que son e queren ser músicos, que xa están tendo unha formación mais ampla que o resto alumnado, co que iso conleva (dobre carga lectiva etc..) e polo tanto necesitan unha atención sensible coas súas características.

Estes alumnos son verdadeiros talentos, só temos que ver o currículo de calquera deles, verdadeiramente brillantes.

Espero que pouco a pouco poidamos seguir mellorando esa sensibilidade para seguir formando aos nos@s músicos e axudalos na súa carreira.

O obxectivo destas letras segue sendo felicitar e recoñecer o esforzo destes estudantes que nos van a deixar, dicirlles que aquí sempre serán benvidos e que esta seguirá sendo a súa casa.

Francisco San Ramón

Falamus!: Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras, Caranza-FERROL

Teléfono: 981 333317-618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CMUS “Xan Víaño” de Ferrol.

Coordinadora: Iria Rico

Docentes: Sonia Tizón e Enrique Agrelo

Maquetación: Raquel Schäfer Freire (alumna do ciclo superior de Deseño e Producción Editorial).

Foto portada: Ermitas García

Debuxo contraportada: Bella Jasmín Kahia

Agradecementos:

Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas gracias ao Ciclo superior de Deseño e Producción Editorial do IES Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar na realización desta edición de Falamus.

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.

Sumario

2 Editorial

5 A música: un beneficio para todos e todas

7 Cen anos da primeira gravación da Quinta sinfonía de Beethoven

10 Certame nacional de interpretación
Intercentros Melómano 2013

12 Obradoiro de hip hop

13 Atopamos a Xanvi!

14 V concurso de piano xuvenil, Gregorio Baudot en Ferrol

15 Dez grandes motivos para estudar tuba!

17 Talking i n Tongues

19 Gala lírica en Compostela

20 Xan Viaño solidario

21 A biblioteca José Fontenla recomenda

22 O carnaval dos animais no Xan Viaño

23 Canción para voz e piano

29 Trivial musical

31 Crucigramas





A música: un beneficio para todos e todas

A música sempre foi considerada como unha experiencia agradable, vinculada simplemente a aspectos lúdicos e divertidos, non como unha disciplina esencial na aprendizaxe dos nenos/as.

Pénsase que cursar estudos musicais é unha mera formación complementaria, pero nos últimos tempos, a sociedade e a comunidade científica mostrou un grande interese nas relacións que se establecen entre música e o desenvolvemento cognitivo e emocional dos nenos que a estudan, por isto fixéronse numerosos estudos de neurociencia onde se descubriu que a música é un dos métodos educativos mais completos.

Que efectos ten o estudar música sobre os nosos/as fillos/as? Que áreas se ven mais beneficiadas? Que beneficios proporciona o estudo dun instrumento? Que hai da linguaxe musical? Éstas e moitas outras son as preguntas que todos e todas nos fixemos nalgún determinado momento.

Comenzamos falando da música na súa esencia, da música como unha linguaxe. É un atributo que probablemente moitas persoas pasen por alto, pero os nenos e nenas que estudan música están efectivamente, estudando unha segunda lingua. Se a fala é a arte de ordenar palabras, a música é a arte de ordenar sons. Todos os elementos beneficiosos que se atribúen a o estudo dunha segunda lingua (mellora da capacidade, maior variedade léxica e semántica, incremento da creatividade, desenvolvemento da memoria, etc.) son perfectamente aplicables ao estudo da música. E ademais ésta posúe unha característica que a fai única: a música é unha linguaxe universal, compartida por toda a humanidade. Non importa quén sexas, de onde veñas ou as creencias que posúas. A música é capaz de unir e facerse entender a todo aquel ou aquela que a comparta. Ocorreseche alguna outra cousa que sexa capaz de facelo nos tempos que corren hoxe en día?

A música é unha linguaxe, e ademais unha moi especial. Está totalmente demostrado que o alumnado que estuda música ten unhas capacidades creativas e de imaxinación superior á media. E actualmente, nun mundo onde todo está estudado, automatizado e implementado, as persoas que realmente destacarán e que impulsarán a innovación e o cambio, son as que teñen ese punto de orixinalidade, ese ángulo de visión diferente ao resto, esa chispa que ilumina e que fai brotar unha nova idea, unha nova forma de ver as cousas e que será a que siga cambiando o mundo.

Ao fin e ao cabo a creatividade pode entenderse como a capacidade de resolver un problema de forma orixinal.

Ademais a música proporciona outro atributo indispensable nas persoas da sociedade actual. A capacidade de expresarnos. Nun mundo onde as interaccións disparáronse e nos inundan a todas horas, ter a capacidade de expresarnos dunha forma fluida, variada e segura, proporcionáanos facilidades en todos os aspectos da nosa vida, tanto académicos como cotidianos.

Outro dos beneficios da música pasa polo gran desenvolvemento das capacidades analíticas do alumnado. Os estudantes de música están acostumbrados ao análise simultáneo de diversidade de elementos: tonalidade, compás, matices, expresividade, articulación, tempo, melodía, armonía, ritmo... É evidente que as capacidades de esquematización e análise son mais elevadas que no resto das persoas. E éstas son unhas das cualidades mais determinantes na vida dun estudante.

Por iso estableceronse relacións entre a música e as matemáticas, debido a que adaptarse á estrutura mental musical favorece, ao mesmo tempo, adaptarse á estrutura mental matemática.

En relación on esta maior capacidade analítica está tamén unha maior capacidade memorística. Un coñecemento ben estruturado e organizado, de unha forma clara e concisa, proporciona unha maior facilidade para a memorización. Ademais a memoria é un fenómeno que se mellora e desenvolve coa práctica. Por iso os músicos, caracterizados pola súa constante práctica e estudo, posúen unha capacidade memorística moi desenvolvida.

A música tamén está estreitamente relacionada coa aprendizaxe de idiomas, coa prevención de alteracións no desenvolvemento da linguaxe, estimula a habilidade de concentración. O efecto, polo tanto, é espectacular e todas estas características mencionadas, son froito da alteración que sofre o cerebro ocasionado polo proceso de aprendizaxe multisensorial que se emprega na formación musical.

Moitos pensarán que a xenética é algo indispensable para desenvolver a habilidade musical, é certo, o compoñente xenético é importante, pero non o é menos a estimulación ambiental recibida, todos/as podemos aproveitarnos dos beneficios que outorga a música.

Neste artigo nomeamos uns poucos beneficios que nos parecen destacables, pero a lista, sen dúbida podería alongarse moito mais.

É por iso moi habitual que os Conservatorios sexan unha fonte de descubrimento de alumnado con altas capacidades e de diversos e numerosos talentos. E no caso de posuír altas capacidades e non estar relacionado coa música, esta mesma pode ser unha vía de desenvolvemento e potenciación de moitos dos seus atributos talentosos.

E tamén convinte destacar os beneficios da música noutro tipo de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Algúns exemplos son o alumnado con discapacidade visual, que normalmente destacan en aspectos musicais debido a súa excelente capacidade auditiva, compensando a súa ausencia de visión co desenvolvemento dos outros sentidos, especialmente a percepción auditiva. En nenos/as diagnosticados con TDAH, a música axuda a fomentar a atención e desenvolver a concentración. Polo tanto, pódese empregar a música e as súas distintas actividades có obxectivo de mellorar o desenvolvemento motriz, cognitivo, emocional e social destes/as alumnos/as, é dicir, a música fomenta a educación integral.

En definitiva, a música proporciona beneficios múltiples en diversas facetas do ser humano. É ademais unha arte a disposición de todas e cada unha das persoas, sin importar a súa idade e condicións. A música é feita por todos/as, para o beneficio de todos/as.

Kelly Picos y Samuel Vargas, estudantes de
Psicopedagogía.



Cen anos da primeira gravación da Quinta Sinfonía de Beethoven

Este ano ten lugar a conmemoración dun fito histórico extremadamente importante dentro do mundo da música e a historia do rexistro de son: cúmprense cen anos da primeira gravación da Quinta sinfonía de Beethoven. Cen anos durante os cales vimos pasar diante dos nosos ollos obxectos de todo tipo, desde o fonógrafo, os tocadiscos e magnetófonos, casetes, etc. até os máis actuais formatos CD, MP3, Blu-Ray ou iPod.

Unha gravación con historia

A gravación que este ano conmemoramos tivo lugar en novembro de 1913, interpretada pola Filarmónica de Berlín e baixo a batuta do director Arthur Nikisch (1855-1922). A Quinta sinfonía de Ludwig Van Beethoven, quizá a obra musical máis universal e coñecida por todos, tanto músicos como profanos, foi gravada pola senlleira compañía alemá Deutsche Grammophone. A gravación causou sensación, non só pola obra a interpretar, senón porque foi a primeira gravación completa dunha obra orquestral, o que fixo que as vendas se disparasen. A isto, axudou un prezo relativamente baixo para a época: en principio publicouse en catro discos de dobre cara a un prezo de 9,50 marcos alemáns, pero en Gran Bretaña o lote completo, oito discos dunha cara, custaba unhas 2 £, cando o soldo medio semanal era dunha libra, seis chelíns e oito peniques. Hai que ter en conta que por esta época unha cara podía conter ao redor de catro minutos, e non máis.

Outra das peculiaridades das gravacións acústicas de comezos de século é a “volubidade” na duración das obras: dependendo dos intereses da compañía discográfica, podían omitirse repeticións e mesmo partes extensas da obra, só debido á posibilidade de maiores vendas. Nas máis primitivas gravacións,



Orquestra Filarmónica de Berlín (Arthur Nikisch)

as compañías preferían pór á venda gravacións de obras curtas, e a ser posible de varias obras. No caso do Scherzo núm. 1 en Si menor de Chopin, a compañía pensou que se vendería mellor “reducíndoo” e xunto ao Nocturno en Fa# maior. Outro exemplo sería a gravación do vals de Fausto interpretado por Ferruccio Busoni (1919), que dura dez minutos. O pianista chegou alterado á súa casa e queixouse á súa muller:

«Querían o vals de Fausto pero só debía durar catro minutos! Iso significaba cortar rápido, pegar e improvisar de forma que aínda quedara algo de sentido nel».

Durante a primeira metade do século XX foron contadas as ocasións nas cales se puxeron á venda obras extensas, e unha delas foi a gravación que nos ocupa. Deutsche Grammophone foi unha pioneira en relación coas gravacións acústicas de obras e autores clásicos, e un bo exemplo son as gravacións de Enrico Caruso, Adelina Patti, Jan Paderewski ou o propio Nikisch. Coa Primeira Guerra Mundial, a empresa dividiríase en dúas: a parte alemá e a inglesa (a actual EMI). Coa Segunda Guerra Mundial, a compañía entra en crise ante a prohibición de gravar intérpretes xudeus e o illamento político e militar do país. A pesar de todo iso, a compañía atópase actualmente entre as máis importantes no ámbito da música clásica.

Como se comentou antes, a Quinta sinfonía foi interpretada pola Filharmónica de Berlín, que xa desde finais do século XIX entrara no seu período de esplendor baixo a batuta de Hans Von Bülow (1830-1894). Grazas a unha disciplina de ferro e a intensivas sesións de ensaios, este pianista colocouna entre a elite das orquestras europeas. Outro dos efectos de Von Bülow foi a eliminación das condutas que el non consideraba apropiadas nas salas de concertos: non beber, non comer nin fumar e gardar absoluto silencio, todo o que agora xa forma parte do ritual habitual á hora de gozar dunha interpretación.

Tras un período no cal exerceu a dirección Richard Strauss (1864-1949), entrou na Filharmónica entre 1895 e 1927 Arthur Nikisch, co cal a orquestra viaxará por toda Europa coa asistencia de solistas do nivel de Sarasate, Kreisler ou Casals, e será gravada deixándonos ese anaco de historia viva que é esta versión da Quinta Sinfonía de Beethoven.

Escoitando a Beethoven

Ao escoitar esta versión, non só estamos a gozar da música, senón que estamos a observar a forma de interpretar de comezos do século pasado, o que os estudiosos denominan “estilo histórico”: a música tocada tal e como se tocou no pasado, e non baixo os canons actuais. Se escoitamos con atención a gravación de Nikisch, vemos que é radicalmente diferente ás actuais en varios aspectos.

En primeiro lugar, tanto a orquestración como a duración son reducidas. No caso da primeira débese ao pequeno espazo dispoñible nun estudo de gravación, e en relación á duración, remitimos ao que xa se comentou en parágrafos anteriores.

O aspecto verdadeiramente sorprendente reside nas fluctuacións de tempo ao longo da gravación: o tempo aumenta e diminúe ao antollo do director, o que para un oído musical actual é chocante. Nikisch comeza dirixindo a branca = 93 pero á chegada do segundo suxeito reduce súbitamente máis de vinte marcas de metrónomo.

Estes cambios teñen lugar durante os catro movementos. Con todo, esta curiosa interpretación non era unha novidade na época, senón o contrario, era a regra: até mediados de século, as gravacións manteñen esa liberdade de movemento, que choca coas estritas e rítmicas interpretacións actuais. Mesmo se nos remontamos a fontes anteriores, vemos como nas interpretacións de Liszt e Wagner, tanto na dirección orquestral como no piano, o rubato constante constitúe unha característica, pois «nunca se mantén o mesmo tempo durante máis de oito compases» (Reinhard Kapp). De feito, o pulso estrito era a excepción se nos remontamos ao século XIX. Por tanto, vemos a regra dos propios compositores de ignorar de forma consciente as indicacións que eles mesmos escribiron na partitura.

Outro exemplo desta característica histórica xa perdida é a gravación de Nikisch do *Dichterliebe* de Schumann, acompañando á mezzosoprano Elena Gerhardt (1883-1961). Segundo Jerrold Northrop, un especialista na historia do gramófono, «a cantante acariña as notas e demórase cando quere, e quere a miúdo. O pianista rara vez fai dúas corcheas consecutivas coa mesma duración».

En conclusión, tras esta serie de exemplos vemos como as gravacións poden axudarnos a albiscar a través da historia como deberíamos interpretar diversas obras. No caso da Quinta sinfonía de Beethoven, consideramos que é unha maneira moi fácil de cotexar esta tese, posto que se escoitamos





unha versión actual (coa súa velocidade constante), e a comparamos coa versión gravada de Nikisch, observamos facilmente a distancia que separa ás dúas interpretacións. Esta é una práctica altamente recomendable, especialmente no caso de que sexamos músicos, pois resulta ser unha experiencia do máis enriquecedora.

Como corolario, podemos dicir que grazas a gravacións como a que describimos neste artigo, observamos que desde inicios do século XX até os nosos días o estilo interpretativo da música académica foi modificándose paulatina pero inexorablemente, un escenario que se xestou a causa precisamente da difusión en masa da fonografía e co impulso de figuras de gran calado como Igor Stravinsky. Así, o intérprete foi perdendo o seu protagonismo en aras do texto, converténdose este no obxectivo da interpretación musical -coartífice do texto como "heroe"

da Historia da Música-, e a través dun proceso no que o intérprete pasou á categoría de executante. Paralelamente, os estudos musicais adaptárianse servilmente a esta nova estética, convertendo os seus obxectivos no desenvolvemento de destrezas físicas capaces de "deletrear" o texto musical de forma "exacta". Pero esta é outra historia...

Bibliografía

Day, Timothy: Un siglo de música grabada (Madrid: Alianza Editorial, 2002)

http://history2.deutschegrammophon.com/es_ES/home (última consulta: abril 2013)

<http://www.youtube.com/watch?v=y7ntlknf7B0> (última consulta: abril 2013)

Javier Rivas Rodríguez, 5 GP

Certame Nacional de Interpretación Intercentros Melómano 2013



Como case todos os anos o noso centro Xan Viaño de Ferrol tivo a súa representación neste certame, unha das súas participantes e gañadora do segundo premio, Iria Folgado, relátanos a súa experiencia.

“Acudir ao 11 Certame Nacional de Interpretación “Intercentros Melómano” foi unha gran experiencia persoal.

Todo comezou cando me presentei, xunto a dúas compañeiras máis, Carolina Herrera e Marta Sánchez á primeira fase no Conservatorio Xan Viaño. As tres fomos seleccionadas para competir na fase autonómica cos demais seleccionados doutros conservatorios de toda Galicia.

Esta segunda fase autonómica levouse a cabo na Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela, y sorprendeume a escasa participación dos conservatorios, tendo en conta o bon número de estos que hai en Galicia. Había alumnos de Culleredo, Pontevedra e por suposto Ferrol.

A orde das probas fíxose por sorteo e correspondeume en último lugar. Unha vez na sala, atopeime bastante tranquila y toquei o mellor que puiden.

Tódolos candidatos tiveron moi bon nivel e cando o xurado se retirou a deliberar empezaron os nervios esperando o resultado. Unha vez deliberado, o portavoz do xurado mencionou o meu nome, pensei que empezaba pola terceira clasificada e sería a segunda reserva como no ano anterior, pero non!. Era a gañadora y representaría a Galicia a nivel nacional.

Emocioneime moitísimo e estaba moi orgullosa de representar a Galicia en Madrid.



Iria Folgado



O seguinte paso era preparar a viaxe nuns días e buscar pianista acompañante. Púxenme en contacto con Graham Jackson, un pianista de Madrid, que aceptou sin problema.

O día anterior á proba tiven ensaio con el no Conservatorio Superior de Madrid, e as sensacións foron boísimas. Non foi tan ben coas cañas de oboe, porque, co cambio de clima fixéronse moi pesadas e non estaba cómoda con elas. Por sorte ao día seguinte, no concurso, veu Marcos e axudoume a melloralas.

Chegou o día! E estaba lóxicamente nerviosa, porque iba escoitando aos demais participantes e dábase conta da calidade e nivel que había, toquei en quinto lugar dos 16 finalistas de tódalas comunidades autónomas, interpretei completo o Cuarteto para oboe de Mozart e considero que foi uns dos mellores concertos que fixen na miña corta vida musical.

Durante a deliberación, estaba relaxada, porque o nivel dos participantes era altísimo e o tiña moi difícil para conseguir algún premio.

Á hora dos premios, empezaron polas mencions instrumentais, onde me fixen co premio á mellor instrumentista de vento madeira.

Por ultimo nomearon aos tres gañadores, empezando polo terceiro premio para Pablo Díaz de violín (Madrid), o segundo premio para Iria Folgado de oboe (Galicia) e o primeiro premio para Enrique Labian de percusión (Ciudad Real).

O Segundo Premio! polo que recibín un diploma acreditativo, así como un vale por valor de 300€ para mercar produtos de Leturiaga, e como premio especial un afinador Korg.

Todo o mundo me felicitaba, chamei aos meus familiares, ao meu profesor y non deixaba de recibir felicitacións de todo o mundo.

Foi unha experiencia inolvidable, na que disfrutei, coñecín xente de toda España e a un gran músico como Graham Jackson, ademáis do premio acadado."

Iria Folgado

Obradoiro de hip hop

No mes de Febreiro contamos coa presenza no noso centro de García Mc nunha actividade organizada pola Equipa de Normalización Lingüística do Conservatorio. Músico polifacético e comprometido, García é coñecido principalmente pola súa participación no colectivo hip-hop Dios ke te crew que naceu en Ordes hai xa dez anos, actividade que compaxina con outros proxectos musicais, algún deles de carácter didáctico coma o levado a cabo no noso centro.

A actividade proposta polo o EDLG foi unha charla-obradoiro aberta ao público en xeral que reuniu a unha veintena de asistentes entre alumnos do Xanvi e afeccionados ao tema. Mc García comezou a súa exposición implicando aos participantes nunha tormenta de ideas sobre o concepto Hip-Hop que enlazou cunha breve historia da orixe deste movemento cultural. A través das súas explicacións, aderezadas de anécdotas e vídeos ilustrativos, conseguimos trasladarnos ao Nova Yorke dos 80 e entender o que significou para a poboación afroamericana o reencontro coas súas raíces e a posta en valor da súa identidade cultural.

Tras unha primeira parte máis teórica o noso convidado deleitounos coa interpretación en directo do tema "Positivas Vibracións" do disco Xénese e seguidamente deu comezo o obradoiro de composición. Nesta 2ª parte da actividade os asistentes dividímonos en 3 grupos.



Cada grupo escolleu un tema e compuxo unha letra para recitar sobre as bases propostas por García. Deste pequeno laboratorio de poemas xurdiron temas tan de actualidade coma a situación do naval na nosa bisbarra e interpretacións moi profesionais por parte dos alumnos.

En resumen, todo un privilexio e un luxo ter contado cun músico con tanto que contar e cantar e do que podemos disfrutar en proxectos colectivos como Dios ke te crew, Labregos en tempos do Sputnik e a día de hoxe co seu último traballo en solitario, Abaixo e de pé.

EDLG



Momento do obradoiro con García MC



Atopamos a Xanvi!

Despois de tanto tempo Buscando a Xanvi! por fin coñecemos a mascota do noso conser! Como aparecía recollido nas bases do concurso, buscabamos a un Xanvi que lle gustase a música, as artes, a lectura, Galiza e a súa cultura, a un Xanvi simpático, moi bo amigo, ecoloxista e pacífico, que defendera valores de liberdade, solidarizade e igualdade.

O xurado, formado por membros dos equipos de Normalización Lingüística, Biblioteca, e Convivencia do centro, tívoo realmente difícil á hora de escoller

unha soa mascota de entre as 27 candidaturas que se presentaron, todas elas de gran calidade e orixinalidade, polo que finalmente decidiu outorgar outros dous premios extraordinarios para outras dúas novas mascotas: unha para Normalización Lingüística e outra para a Biblioteca Fontenla Leal do centro. O fallo do concurso foi o broche final dos actos programados polo día da Paz, nunha cerimonia, na que ademais de coñecer ás mascotas gañadoras e aos seus deseñadores, podemos gozar novamente dunha emotiva actuación do Peque Coro do Xan Viaño.

As mascotas gañadoras do Concurso deseño de mascota "Buscando a Xanvi", que nos representarán e acompañarán na vida e actos do conservatorio de aquí en adiante son:

Alma Cendán



Elisa Esperante Guimarães. A súa mascota distinguirá actos do CMUS Xan Viaño.

Mariña Gándara Serantes. Debuxo que acompañará os actos da Biblioteca Fontenla Leal.



Elena Ramírez Estraviz. Deseño escollido para o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

V Concurso de piano xuvenil, Gregorio Baudot en Ferrol

O 26 e 27 de abril tivo lugar no Casino de Ferrolán a V edición do Concurso de Piano Gregorio Baudot, concurso creado nos anos 80 e recuperado tras moitos anos de ausencia pola Sociedade Artística Ferrolana. Nesta ocasión o concurso dirixiuse aos pianistas noveis da comarca de ferrolterra, presentándose 26 participantes (dos cales 22 estudan no noso conservatorio) que foron repartidos por idades en tres categorías (a primeira ata os 11 anos, a segunda ata os 14 e a terceira ata os 18 anos). O xurado formado por Miguel Brotóns, Ricardo Blanco, Carolina Fernández, Javier Ares e Pablo Ferreiro, tras destacar o bo nivel interpretativo que se amosou na sala durante os dous días que durou o concurso, así como o comportamento exemplar e compañeirismo amosado en todo momento polos rapaces, decidiu outorgar os seguintes premios:



Cristina Teijeiro Galdo

PRIMEIRA CATEGORÍA:

1º Premio: Ana Pereira Ezquerro.

2º Premio: Lara Díaz Ogorodnikova (alumna do CMUS Xan Viaño)

3º Premio: Uxía López Expósito (alumna do CMUS Xan Viaño)

Mención de Honor: Noreia Hermida Pérez (alumna do CMUS Xan Viaño)

Mención de Honor: Lucía Mariño Pérez (alumna do CMUS Xan Viaño).

SEGUNDA CATEGORÍA:

1º Premio: Alonso Pinilla Villamor (alumno do CMUS Xan Viaño)

2º Premio: Carlos Julián Fernández Bollo (alumno do CMUS Xan Viaño)

3º Premio: Carolina Rosario Herrera Almeida (alumna do CMUS Xan Viaño)

Mención de Honor: Julia Prieto Piñeiro

TERCEIRA CATEGORÍA: "Gregorio Baudot"

1º Premio: Cristina Teijeiro Galdo (Placa de la SAF y 300€) (alumna do CMUS Xan Viaño)

2º Premio: Pablo Morán Pereiro (alumno do CMUS Xan Viaño)

3º Premio: (Deserto)

Noraboa a todos os premiados e a todos os participantes. Grazas a Sociedade Artística Ferrolana pola organización deste concurso de piano que esperamos siga celebrándose por moitos anos.

Alma Cendán



14

Dez grandes motivos para estudar tuba!

Este pequeno artigo foi complexo de escribir...porque é moi difícil escoller entre tantos motivos só dez polos que deberíamos estudar este marabilloso instrumento. Por qué dez? Pois porque esa é a nota que se merece a tuba! (e o bombardino).

O primeiro motivo, que polas circunstancias actuais vou escribir aquí, é o motivo económico. Estudar tuba no conservatorio no Grao Elemental ten un coste aproximado mensual de 13€ e de 20 € no Grao Profesional. Pode parecer un prezo excesivo, pero convértese en moderado ou incluso barato se temos en conta que estamos a estudar unha carreira, e comparado con outras titulacións...as cifras falan por sí mesmas. Do mesmo xeito, pódese pensar que o instrumento é caro e suporía un esforzo importante para unha economía familiar pero... qué neno non ten hoxe en día unha ou dúas videoconsolas na casa? Pois actualmente os bombardinos máis asequibles poden quedar por debaixo do prezo dunha videoconsola e unha tuba das máis asequibles pode ter un prezo equivalente a 3 videoconsolas máis algún xogo...isto no caso de que a merquem. Moitas bandas populares de música da nosa contorna empréstanos de boa gana estes instrumentos coa única condición de que acudamos a tocar a esa agrupación.

O segundo motivo: a versatilidade do instrumento. Gústache o jazz? Estuda tuba. Gústache o pop? Estuda tuba. Gústache a música tradicional? Estuda tuba. Gústache a música orquestral?... podería seguir así ata que se lle acabaran as páxinas ó OpenOffice, pero non me quero espallar aquí sobre o tema. Convidovos a que me preguntedes o papel da tuba en todas estas agrupacións e roles para darvos unha información máis detallada.

Terceiro motivo: actualmente estamos a facer historia dentro do mundo particular da tuba e do mundo global da música. Explicame. Onde van

Paganini, Chopin, Schumann...? Instrumentistas -e compositores- excepciónais que dun modo ou outro supuxeron o cumio da execución nos seus respectivos instrumentos.

É unha mágoa non poder disfrutar actualmente destes grandes xenios. Dá a sensación que nalgúns instrumentos xa está todo dito. Sen embargo, na tuba e no bombardino temos a sorte de estar actualmente convivindo cos nosos propios "paganinis"-vaia meu recordo para algúns destes grandes tubistas que recentemente faleceron como Mel Culbertson ou Harvey Phillips- e non só iso, que dá a sensación de que neste instrumento aínda hay moito que dicir, aínda non se tocou teito... quen sabe se aínda non comezou a estudar tuba o noso propio "paganini"?

O cuarto motivo... estudar tuba axuda a curar e mesmo cura a asma. Hai poucos meses confirmouse a curación desta enfermidade nun neno inglés de 9 anos -Ryan Harrison- que en apenas uns meses de práctica curouse completamente, segundo Leanne Male, director do centro de investigacións da asma do Reino Unido.

Quinto motivo: non só e bo estudar a tuba para mitigar a asma, senón que ten outros moitos bos aspectos no campo da saúde. Tocar a tuba expande o peito, isto axuda a apartar a depresión e os estados baixos de ánimo. Regula o ritmo do corazón. Os sons graves contribúen á relaxación e á concentración, á vez que contribúen no crecemento san da hipófisis... e así estaría ata encher un libro de medicina alternativa.

Sexto motivo: os que levamos xa un tempo no mundo da tuba non entendemos por qué -por desgraza- non hai máis rapazas estudando este precioso instrumento. Non é porque non se intente dende o profesorado e as administracións educativas. Para amosalo paso a transcribir a disposición transitoria sexta do decreto 203/2007 do 27 de Setembro: “Matriculación de alumnado feminino”.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os centros de ensinanza profesional de música poderán adoptar medidas de acción positiva que fomenten a matriculación do alumnado feminino nas especialidades en que por razóns históricas, estruturais ou outras exista unha notoria infrarrepresentación das mulleres.”

Por iso, si eres rapaza, éste é o teu instrumento. E tamén por outros moitos motivos. Afortunadamente, a pesar da infrarrepresentación feminina na tuba (non tanto no bombardino), temos grandes tubistas femininas a nivel internacional como Carol Jantsch Tuba Solista da Orquestra de Filadelfia e gañadora do prestixioso concurso de tuba de Markneunkirchen. Temos outras importantes tubistas como Deanna Swoboda, Velvet Brown, Jamie Lipton, Hellen Tyler...

Si eres rapaza e gústache a tuba... non o dubides, aínda estás a tempo de facer historia!

Séptimo motivo: unha das máis importantes facetas da música é darnos a oportunidade de socializar. A tuba é o instrumento ideal para este cometido. Pola necesidade de tubistas que hai nas numerosas agrupacións da nosa comunidade terás a oportunidade de tocar nalgunha delas e ser un membro moi querido e reclamado da mesma.

Oitavo motivo: é case un feito que o estudo da música favorece o estudo das linguas. A tuba axudarache en dúas direccións nesta materia. A primeira dirección na que che axudará será o desenvolvemento da parte do cerebro encargada da linguaxe. En segundo lugar axudarache cos idiomas porque si tocas a tuba, terás múltiples oportunidades de viaxar e mesmo a necesidade. Poucos tubistas son esencialmente sedentarios, temos tendencia a ser nómadas.

Noveno motivo: tocar a tuba prepárate para desenvolverte diante dun público por dous motivos. O primeiro deles é que como todo instrumento musical, pertence a unha disciplina das artes escénicas, de xeito que te ves obrigado a actuar en público (ademais do estudo persoal que fas na casa). O segundo motivo polo cal te prepara para desenvolverte axeitadamente en público é porque ó ser un instrumento descoñecido e denostado a partes iguais, o feito de tocalo forxa o teu carácter, xa que dun xeito silencioso enfróntaste á incompreensión por parte da xente en xeral e dalgúns músicos en particular.

Décimo motivo: o certo é que a cuestión laboral está moi difícil para todo o mundo. A tuba non ten a solución a este mundo laboral tan convulso, pero sí pode axudar. Hai bandas, orquestras, agrupacións, charangas, grupos de rock e folk... escolas de música, institutos, conservatorios... e moitos máis sitios onde podes desenvolver a túa labor remunerada como tubista. Repito, a tuba non ten a variña máxica, pero sí se pode converter no teu medio de vida. Hai pouquiños postos, pero tamén hai pouquiños tubistas, así que...

NON O DUBIDES, ESTUDA TUBA!!!



Iván Pantín Vázquez – mestre de tuba do CMUS Xan Viaño de Ferrol

Talking in Tongues

Xa está preparada a curtametraxe realizada pola Asociación Multilateral Leonardo da Vinci. O pasado 18 de abril foi estreada en Braga a coprodución "Talking in Tongues". O guión e actores principais son portugueses, a rodaxe foi realizada en Alemaña, a posprodución foi feita en Franza, o tema musical que da nome ao filme é austríaco e a banda sonora española.

A experiencia de poder participar en todo o proceso de elaboración da película foi moi enriquecedor. Tivemos a oportunidade de seguir pouco a pouco desde os primeiros pasos da elaboración do guión até os ensaios e gravación da banda sonora. Sen dúbida un xeito inmejorable de achegarnos a un mundo artístico fascinante e a unha industria relacionada coa música, pero que non acostuma a estar moi presente nos conservatorios.



Braga

No "Xan Viaño" os alumnos de Técnicas de Composición aplicadas á Didáctica, a Orquestra de Corda de Grao Profesional e o Ensemble EAC, que se xuntou especialmente para a ocasión, participaron directamente nas actividades relacionadas coa elaboración da banda sonora.

Os estudantes, na súa maioría de 6 curso de grao profesional, que prepararon repertorio para ir tocar aos concertos organizados en cada encontro internacional (mobilidade) tiveron a oportunidade de viaxar aos países socios e participar nas actividades formativas que foron organizadas por cada país anfitrión. Na última mobilidade participou tamén o Peque Coro que levaba repertorio en diferentes linguas e xa cantara no encontro de Ferrol no concerto "European Art Confluence" con outras pezas en diferentes idiomas. Músicos por enriba de todo.



Museo Biscainhos

As actividades deste proxecto internacional abarcaban desde as melloras en competencias lingüísticas, en novas tecnoloxías, en cultura e cidadanía europeas e en ensinanzas artísticas. A práctica e mellora en todas estas disciplinas é evidente mais foi no tocante á música no ámbito no que a comunidade educativa do Xan Víaño se desenvolveu máis a gusto. Parabéns e agradecementos a todos os estudantes e profesores que participaron nalgunha labor relacionada co proxecto desde os concertos do día da Paz e de Benvida e o European Art Confluence Concert organizados pola Dinamización da Convivencia, o Concurso de Interpretación de Bandas Sonoras organizado pola ANPA, a gravación da banda sonora realizada pola Dinamización das TIC's, a difusión do proxecto que fixo a Dinamización da Lingua Galega, o concurso de



Refráns

Bandas Sonoras promovido polo departamento de Composición, a video-felicitación de Nadal realizada polo profesor Sergio Pena e a moi especial colaboración de Sofía Infante, antiga alumna do centro que está rematando os seus estudos superiores nas especialidades de Composición Xeral e Audiovisual e que foi artífice, guía, exemplo e axuda inestimable para os alumnos de Composición.

Ermitas García

Gala Lirica en Compostela

18

O pasado maio celebrouse por primeira vez en Santiago de Compostela unha Gala Lirica que aunarou aos alumnos de canto máis talentosos dos conservatorios de Galicia. O evento foi organizado principalmente pola asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela, coa colaboración do concello, da diputación, do conservatorio da cidade e da Fundación Araganey e celebrouse o día dez de maio no auditorio principal da cidade, situado na rúa Nova.

Sucedéronse catorce actuacións, divididas en dúas seccións, unha referida a ópera e outra con repertorio de zarzuela. A maioría dos conservatorios enviaron ao mesmo participante para ámbalas dúas partes, mais outros, coma o Xan Viaño, presentaron a dous alumnos. No caso do noso conservatorio acudiron Alba Guerrero e Gabriel Alonso, de 3 e 2 curso de grao profesional respectivamente. Na primeira parte representáronse arias de óperas principalmente de Mozart, aínda que tamén de autores como Strauss e Verdi. En canto a zarzuela, os cantantes fixeron gala do gran repertorio deste xénero, do que interpretaron obras de diferentes autores e etapas.

Os galardoados foron dous, un por sección. No campo operístico resultou gañador Felipe Alonso Céspedes Sánchez, de sexto curso do Conservatorio de Santiago de Compostela, que interpretou “De’ miei bollenti spíriti”, de La Traviata de Verdi. En canto a zarzuela a afortunada foi Cristina Suárez Silva, tamén de sexto curso, do Conservatorio de Lugo, coa famosísima “Me llaman la primorosa”, de El barbero de Sevilla, composta por Nieto y Gímenez.

A pesar de que foron só dous os premiados, cómpre dicir que a calidade do concurso foi alta e que todos os participantes recibiron un gran apoio por parte do público, que se mantivo espectador ata o último momento. Iniciativas como esta son moi importantes e necesarias no ámbito do canto, xa que os alumnos precisan interactuar con estudantes de outros centros, coñecer as sensacións que se experimentan nun concurso, aprender a controlar a tensión e os nervios, saír fora do “microclima” dun conservatorio municipal, etc. Vémonos o ano que ven en Santiago de Compostela, esperando que a calidade sexa, cando menos, similar á deste ano.

Inés Amarelo García



Gabriel Alonso e Alba Guerrero

Xan Viaño solidario

Un ano máis o CMUS Xan Viaño de Ferrol amosou o seu lado máis solidario. Ademais dos festivais benéficos polo Día da Paz (este ano participando coa ONG SAPP nun proxecto de construción dun orfanato en Ghana), colaborou en decembro nun concerto benéfico a favor da Cocina Económica de Ferrol, no que participaron alumnos e profesores do centro. Co lema "Axúdanos a orquestrar un bo almoço" recolléronse víveres non perecedeiros a favor desta organización que alimenta diariamente a moitas persoas con escasos medios económicos na nosa cidade. Tamén cabe destacar o éxito na recollida de tapóns solidarios a favor de ASPANEMI (este é o noso segundo ano colaborando na iniciativa), así como a participación musical de alumnos no día mundial do Parkinson, xornada organizada pola Asociación Parkinson Ferrol, celebrada o día 9 de abril no salón de actos do Vicerrectorado do Campus de Esteiro.



Marijé e Lidia



Momento do concerto do día da paz



A Biblioteca José Fontenla Leal *recomenda:*

Habitualmente facemos recomendacións de filmes, música ou libros que a nosa biblioteca posúe, pero este ano estreouse o filme “El cuarteto” nas carteleiras dos cines galegos e pola súa temática musical creemos convinte recomendala de igual xeito. Aquí tedes unha breve información da mesma.

El cuarteto

Director - Dustin Hoffman

Guión - Ronald Harwood

Música - Dario Marianelli

Fotografía - John de Borman

Reparto - Maggie Smith, Tom Courtenay, Billy Connolly, Pauline Collins, Michael Gambon, Sheridan Smith, Luke Newberry e Jumay Hunter

Productora - Headline Pictures - BBC Films - DCM Productions - Finola Dwyer Productions

Xénero - Comedia-Drama

Sinopse - Un grupo de vellos amigos que viven nunha residencia para cantantes de ópera retirados, organizan cada ano, coincidindo co aniversario de Giuseppe Verdi, un concerto para recaudar fondos que lles permitan manter a casa na que viven. Os problemas xurden ca chegada dun novo residente que resucita unha antiga rivalidade entre dos divos.



La digitalización pianística

Esta foi unha das novas adquisicións da nosa Biblioteca neste curso que seguro interesa a moitos dos nos@s alumn@s que estudian Piano; referímonos ao libro do ilustre pianista Albert Nieto “La digitación pianística”.

¿Pode haber un intérprete que non sentira o efecto beneficioso dunha boa dixitación? Coidamos que non. Á que vai ao dedo e a obra, á que se adecúa ao corpo e o instrumento ca música... Ata non dar con ela, un sofre. Todo permanece desligado: corpo, instrumento e música porque o corpo está tenso, o piano non canta e a obra cala. Ao atopar unha dixitación xusta, establecece a unión e a obra está en marcha. Este libro podenos axudar a atopar respostas inspiradoras. Albert Nieto trata de amosarnos aquelas dixitacións que den no clavo.



O Carnaval dos animais no Xan Viaño

Por segundo ano consecutivo O Carnaval dos animais de Camile Saint-Saëns foi a obra eleixida para celebrar no CMUS Xan Viaño, os días 21 e 23 de maio, varios concertos didácticos destinados aos alumnos dos centros: Ceip. Cruceiro de Canido, Ceip. Manuel Masdías e Colexio Sta. Juana de Lestonnac (Ferrol), Ceip A Barqueira (Cerdido), Ceip. San Isidro (Neda) e o Ceip. Couceiro Freijomil (Pontedeume).

Os profesores Enrique Agrelo, Iria Rico, Juan José Díaz , Francisco Pallás, Efrén García, María Fraile, Loreto Pérez, Alma Cendán e Pablo Salgueiro, xunto cos alumnos: Sergio Sande e Saúl García, asombraron e divertiron aos nenos cunha posta en escena chea cores e de humor na que os animais de Saint-Saëns cobraron vida.

Os escolares recibiron entudiasmados, entre outros, a chegada de dous leóns, un elefante bailarín, un veloz hemión, unha molesta quenlla que tentaba comer

aos peixiños, varios paxaros e os seus rechouchíos, unha pita cos seus pitiños, e ata un enorme dinosauro! Tan ben o pasaron os rapaces, que non querían que o concerto rematara e en todas as sesións houbo que facer un bis e tocar a peza "Final" dúas veces.

A directiva do Xan Viaño mostrou o seu grande interese na difusión da música e apostou forte por estos concertos didácticos como ferramenta de captación de novo alumnado, facilitando unha completa iluminación ao espectáculo do Carnaval dos Animais. Deste xeito, a fermosa fastasía zoolóxica de Saint-Saëns, interpretada polos profesores e alumnos arriba citados, apoiouse na maxia creada polos efectos das luces para chegar aos corazóns dos nenos.

Dende o Xan Viaño esperamos que moitos rapaces pronto queren vir a formar parte da nosa familia.

Loreto Pérez



Grupo que fixo posible o c arnaval dos animais



Canción para voz e piano

Marta Sánchez (alumna de Oboe de 6º de GP)

Composición aplicada a la didáctica:
Amor constante más allá de la muerte

Cerrar podrá mis ojos la postrera
Sombra que me llevare el blanco día,
Y podrá desatar esta alma mía
Hora a su afán ansioso lisonjera;

Mas no, de esotra parte, en la ribera,
Dejará la memoria, en donde ardía:
Nadar sabe mi llama el agua fría,
Y perder el respeto a ley severa.

Alma a quien todo un dios prisión ha sido,
Venas que humor a tanto fuego han dado,
Medulas que han gloriosamente ardido:

Su cuerpo dejará no su cuidado;
Serán ceniza, mas tendrá sentido;
Polvo serán, mas polvo enamorado.

FRANCISCO DE QUEVEDO (1580 - 1645)

Handwritten musical score for the first system. The key signature is two flats (B-flat and E-flat), and the time signature is 6/8. The melody is in the treble clef, and the piano accompaniment is in the bass clef. The lyrics are: "CE BAMB RE DRA HIS O JOS LA RE TRE RA". The piano part features a triplet in the right hand and a triplet in the left hand. Dynamics include *f* (forte) and *mf* (mezzo-forte). There are also markings for *sfz* (sforzando) and *mf* (mezzo-forte).

Handwritten musical score for the second system. The key signature is two flats (B-flat and E-flat), and the time signature is 6/8. The melody is in the treble clef, and the piano accompaniment is in the bass clef. The lyrics are: "SOM BRA CUC NE LIE UA RE EL BLAN CO". The piano part features a triplet in the right hand and a triplet in the left hand. Dynamics include *mp* (mezzo-piano).

Handwritten musical score for the third system. The key signature is two flats (B-flat and E-flat), and the time signature is 6/8. The melody is in the treble clef, and the piano accompaniment is in the bass clef. The lyrics are: "DI A Y PO DRI DE SA TAR ES TA". The piano part features a triplet in the right hand and a triplet in the left hand. Dynamics include *p* (piano).

Handwritten musical score for the fourth system. The key signature is two flats (B-flat and E-flat), and the time signature is 6/8. The melody is in the treble clef, and the piano accompaniment is in the bass clef. The lyrics are: "AL HA HI A HO RA SUA FAN AN". The piano part features a triplet in the right hand and a triplet in the left hand. Dynamics include *f* (forte), *mf* (mezzo-forte), and *poco rit* (poco ritardando). A tempo change is indicated by a checkmark and the text "A tempo".



Handwritten musical score for the first system. The melody is in the treble clef, and the accompaniment is in the bass clef. The key signature has two flats (B-flat and E-flat). The lyrics are: SIO SO LI SEN JE RA. The melody includes triplets and accents. The accompaniment features chords and a bass line. Dynamics include sfz and f.

Handwritten musical score for the second system. The melody is in the treble clef, and the accompaniment is in the bass clef. The key signature has two flats (B-flat and E-flat). The lyrics are: MAS. The melody includes a fermata. The accompaniment features chords and a bass line. Dynamics include f and mf.

Handwritten musical score for the third system. The melody is in the treble clef, and the accompaniment is in the bass clef. The key signature has two flats (B-flat and E-flat). The lyrics are: NO DESOTA POR TE EN LA RI BE RA. The melody includes a fermata. The accompaniment features chords and a bass line. Dynamics include f and mf.

Handwritten musical score for the fourth system. The melody is in the treble clef, and the accompaniment is in the bass clef. The key signature has two flats (B-flat and E-flat). The lyrics are: RA LHE NO RIA EN DON DE AR D A. The melody includes a fermata. The accompaniment features chords and a bass line. Dynamics include f and NA.

DAR SA BE HI UNA EL A GUA FRI A Y PER

mf

mf

DER EL RES PE TO A LA LE Y SE VE RA

f

mf

AL NA A GUE TU TO DO PUN DIES PRI

f

mf

SIGN HA PSI DO VE NAS QUE HU MOR A

P



26

Handwritten musical score for the first system. It features a vocal line and a piano accompaniment in B-flat major. The lyrics are "TANIO FUEGO HAN DA DO RE DU IRS QUE HAN GLO". The piano part includes triplets and dynamic markings *f* and *mf*.

Handwritten musical score for the second system. The lyrics are "RIO SA MEN TE AR DI DO". The piano accompaniment continues with a steady eighth-note pattern in the bass and a more melodic line in the treble.

Handwritten musical score for the third system. This system contains no lyrics. The piano accompaniment features a prominent triplet in the right hand and a consistent eighth-note bass line.

Handwritten musical score for the fourth system. The lyrics are "SU GER PO DE JA RA NO SU CUI DA DO". The piano part includes a triplet and dynamic markings *f*, *mf*, and *sfz*. The system concludes with two accented notes in the vocal line.

Handwritten musical score for the first system. The key signature is B-flat major (two flats). The system consists of a vocal line and a piano accompaniment. The lyrics are: SE RAN CE NI ZA HAS TEN DRA SEN Ti DO. The piano part features a continuous eighth-note accompaniment in the right hand and a bass line in the left hand. Dynamics include *f* (forte) and *mf* (mezzo-forte). There are accents (>) over the final notes of the vocal line.

Handwritten musical score for the second system. The key signature remains B-flat major. The lyrics are: POLAHO VO SE RAN HAS POL VO E NA HO RA DO. The piano part continues with the eighth-note accompaniment. Dynamics include *f* and *mf*. There are markings for *Rit* (ritardando) and a repeat sign at the end of the system.



Trivial musical



Gracias á colaboración da Biblioteca, o Equipo de Normalización e a Sociedade Filarmónica

Ferrolana, este curso 2012-13 estreamos o Concurso Trivial Musical para gañar unha das dez entradas que a Filarmónica nos concede moi amablemente.

O Concurso é moi sinxelo, trátase de visitar o blog da biblioteca (bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com) e consultar a pregunta de Grao Elemental ou Grao Profesional segundo corresponda, para logo enviar a resposta ao correo da biblioteca: biblioteca-josefontenlaleal@gmail.com.

Esta temporada a Filarmónica deleitounos cunha escolla de concertos inigualable, que moitos de nos puidemos disfrutar, esta foi a tempada 2012-2013.

EDLG

Tempada 2012 – 2013

ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

dir.: Rogelio Groba

CORO VOX STELLAE

dir.: Luis Martínez Sánchez

Programa:

Peter Warlock (1894-1930). Suite Capriol
Edward Elgar (1857-1934). Adagio
Benjamin Britten (1913-1976). Simple Symphony
Pausa
Girolamo Ferrari da Mondondone (1599-1664).
Deus in adjutorium
Antonio Vivaldi (1678-1741). Gloria RV 589

Data: Xoves 18 de Outono, was 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre

CUARTETO PANOJA

Programa:

Joseph Haydn. Cuarteto op.76/5
Franz Schubert. Cuarteto D.804 "Rosamunda"
Antoni Dvorak. Cuarteto op.96 "Americano"

Data: Mércores 7 de Novembro, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

ORQUESTA SINFONICA DE GALICIA

dir.: Jesús López Cobos

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI violín.: Arabella Steinbacher

Programa:

Capricho Italiano, op. 45
Concerto para violín en Re maior op. 35
Sinfonía numero 4 en fa menor, op. 36

Fecha: Xoves 15 de Novembro, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

dir.: Diego García Rodríguez

Programa:

Toru Takemitsu. Requiem
Fernando Buide. Paisaxe suspendida
Pausa
Franz Schubert. Sinfonía nº2 en si bemol Mayor. D. 125

Data: Xoves 10 de Xaneiro, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

ORQUESTA SINFONICA DE GALICIA

dir.: Josep Pons
Casey Hill, oboe

Programa:

Javier Martínez Campos. Cliffs of Moher. Concertino para oboe y orquesta
Pausa

D. Shostakovich. Sinfonía n 8

Data: Xoves 31 de xaneiro, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

Alexey Chernov, Gañador XXVI Concurso Internacional de piano Cidade de Ferrol

Programa: Valses de diferentes épocas

Primera Parte : Valses do S. XIX

J. Brahms: 6 valsos do op. 39: nº 1, 3, 6, 9, 14 y 15

F. Chopin: 3 valsos. 1. op. 34 nº 1 "Gran vals brillante",
2. op. 64 nº 3, y 3. op. póstumo en mi menor

3 Valses rusos: 1. P. Tchaikovsky. Decembro de "Las Estaciones" 2. A. Lyadov. Vals op. 57 nº 2, y 3. V.

Rebikov. Vals en fa sostenido menor

E. Grieg. 3 Valsos. op. 12 nº 2, op. 38 nº 7 y op. 47 nº 1

F. Liszt. Vals Mefisto nº 1

Segunda Parte: Valses dos S. XX y XXI

6 Valses del S. XX:

1. C. Debussy. Vals Romántico

2. A. Scriabin. Cuasi Vals op. 47

3. N. Myaskovsky. Vals op. 29 nº 4 de «Reminiscencias»

4. S. Prokofiev. Vals op. 32 nº 4

5. D. Shostakovich. Preludio op. 34 nº 17

6. P. Hindemith. Vals Boston de la Suite «1922»
op. 26

A. Chernov: Estudio-Fantasia op. 11 nº 3 «Vals»

6 Valses del S. XX:

1. – 4. V. Silvestrov 4 valsos

5. K. Shiryayev. Vals de la "suite Danza"

6. A. Chernov Estudio-Fantasia op. 11 n. 6 «Vals- epílogo»

Data: Xoves 28 de febreiro, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

Gloria Amil Romero y Patricia Rodríguez

Rico (sopranos ferrolanas con proyección internacional)

Manuel Burgueras, piano

Programa:

Arias de Opera y Zarzuela

Data: vernes 22 de marzo, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

Ciclo de cámara y lied, El Salón Filarmónico

Programa:

CLAUDE DEBUSSY. Pelleas et Mélisande

JESÚS TORRES. Poética para clarinete, violín, violonchelo y piano

Pausa

OLIVIER MESSIAEN. Cuarteto para o fin dos tempos

Data: martes 16 de abril, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba Otero, concertino/director

Rika Masato, violín

Programa: "Unha noite vienesa"

F. Schubert. Andante y Allegro op 18

F. Schubert. Rondó para violín y cuerdas en La Mayor D 438

F. Kreisler. Preludio y Allegro en estilo Pugnani

Pausa

W. A. Mozart. Sinfonía nº 29 en La Mayor

Data: mércores 8 de maio, as 20.30 horas

Sala: Teatro Jofre.

Crucigramas

Sobre Wagner

HORIZONTAIS


- 5. Filósofo da época con quen Wagner mantivo unha intensa amizade
- 9. Nome do personaxe feminino principal de O holandés errante
- 10. Festival de ópera adicado a Wagner que vai xa pola sua 102 edición
- 11. Cidade na que morreu o compositor
- 12. Cidade onde naceu o compositor
- 13. Tercera ópera do ciclo do Anel
- 14. de bavlera. Este monarca foi un gran admirador de Wagner

VERTICAIS

- 1. Xénero da ópera de Os Cantores de Nüremberg
- 2. Número de óperas que forman o ciclo O anel do Nibelungo
- 3. Nome da súa 2 muller
- 4. Famoso compositor e pianista que foi 1 amigo e despois sogro de Wagner
- 6. 1 nome de Wagner
- 7. Ópera inspirada na lenda do Santo Grial
- 8. Nome da súa 1 ópera



Richard Wagner





Sobre o "carnaval dos animais" de Saint-Saëns

HORIZONTAIS

3. nº de pezas que forman o carnaval
5. título da peza no que o clarinete é protagonista
6. cantos pianos se precisan para cada concerto?
9. a melodía das tartarugas é unha versión lenta desta peza
10. o carnaval ten esta forma musical
12. nome do compositor do carnaval
14. que instrumento de vento madeira agudo participa na paxareira?
15. que instrumento nos describe aos fósiles?
16. instrumento que interpreta ao cisne

VERTICAIS

1. unha das pezas é unha crítica a certos intérpretes, cales?
2. nesta peza podemos imaxinar o fondo do mar
4. o protagonista do elefante é un instrumento de
7. camille Saint Saëns era de nacionalidade...
8. o violín é un instrumento de corda
11. en galiñas e pitos, os pitos son representados por...
13. o ruxido do león é interpretado polo...



As solucións dos crucigramas poderás atopar no blog da biblioteca:
bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com

